

20/636 **PROPOSTA ACORDO XGL SUBVENCIÓN NOMINATIVA "CLUB FLUVIAL" (APROBACIÓN CONVENIO E A+D).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Dependencia de Deportes, do 8 de novembro de 2020, na parte expositiva do cal se fai constar:

"De acordo co previsto na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, no artigo 14.2 establécese que "poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza".

No Orzamento xeral municipal do ano 2020 figura nominativamente a previsión de subvención á Entidade "CLUB FLUVIAL DE LUGO" por importe de **20.000 €** para a realización das actividades propias do Club con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

Do mesmo xeito, o Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2020-2022, así como a actualización do devandito Plan Estratéxico á anualidade 2020, mediante Decreto número 2137/2020 de data 8/4/2020, no que figura a previsión de subvención á Entidade "CLUB FLUVIAL DE LUGO"

No que atinxe ao procedemento de concesión, no capítulo II do Título II da ordenanza regulase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal, que esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

Dende esta unidade administrativa, solicitouse da entidade "CLUB FLUVIAL DE LUGO" a presentación de toda a documentación precisa para a tramitación do convenio, isto é:

1. Proxecto presentado polo representante legal da asociación, xunto co compromiso de destinar a subvención á financiación parcial das actividades propias do beneficiario.
2. Fotocopia do NIF/CIF da asociación e documento acreditativo da representación que posúa na entidade ou asociación solicitante.
3. Unha copia dos estatutos ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
4. Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (Anexo I)
5. Certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Tesourería Municipal de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Cando o importe da subvención non exceda de

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3288452760274131527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO DO 2-12-2020

3.000€, non será necesario aportar certificacións, será suficiente coa declaración xurada recollida no (Anexo I).

6. Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. (Anexo I)
7. Certificación bancaria que acredite o número da conta bancaria da que a asociación é titular.
8. Presuposto de ingresos e gastos.

Unha vez comprobada toda esta documentación, dende esta unidade administrativa considérase que o beneficiario reúne todos os requisitos para acceder a esta subvención.

Vistos:

- Certificación de existencia orzamentaria de data 14 de outubro de 2020, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do orzamento municipal para o ano 2020 (núm. de operación 202000093192).
- Informe proposta da Sección de Deportes, de 08 de novembro de 2020, relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor de "CLUB FLUVIAL DE LUGO".
- Informe do Servizo de Fomento, de 11 de novembro de 2020, emitido con carácter favorable.
- Informe do Servizo de Asesoría Xurídica, de 17 de novembro de 2020, emitido con carácter favorable.
- Informe da Sección de Deportes, de 12 de novembro de 2020, da necesidade de tramitar nominativamente esta subvención debido á imposibilidade de promover a concurrencia das mesmas.
- Informe do Servizo de Intervención núm. 2020/1152, de 24 de novembro de 2020, emitido con carácter favorable con observacións."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta, conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Medio Rural de Deportes e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego) e a Ilma.

Sra. D^a. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG),
ACORDA:

PRIMEIRO.- A aprobación da concesión de subvención e o texto do convenio o cal ten o teor literal seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E “CLUB FLUVIAL DE LUGO” PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR “A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DOS TORNEOS DE TENIS, PIRAGÜISMO, NATACIÓN E OUTROS” DURANTE O EXERCICIO 2020”

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2020

REUNIDOS

Dunha banda **D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.

E doutra banda D. MODESTO TEIJEIRO VALLEDOR con NIF 33308639Q, na súa calidade de representante legal de “CLUB FLUVIAL DE LUGO” con CIF G27008549.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade “CLUB FLUVIAL DE LUGO” presenta un proxecto relativo á **“COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DOS TORNEOS DE TENIS, PIRAGÜISMO, NATACIÓN E OUTROS”** de interés deportivo, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3288452760274131527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO DO 2-12-2020

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto relativo á **“COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DOS TORNEOS DE TENIS, PIRAGÜISMO, NATACIÓN E OUTROS”**

Con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto relativo á **“COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DOS TORNEOS DE TENIS, PIRAGÜISMO, NATACIÓN E OUTROS”** por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no art. 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (“promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”)

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de **20.000 €** para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade “CLUB FLUVIAL DE LUGO” comprométese a :

- Colaborar co Concello na promoción e divulgación do deporte base e na organización de eventos deportivos.
- Lucir o logotipo do concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

TERCEIRA.-Crédito presupostario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2020 a cantidade de **20.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900.

CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubidadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como

tales os derivados das actividades propias do beneficiario ou da realización do proxecto ou actividade concreta, dacordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministros e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2020 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo receptor da subvención.

SEXTA.-Xustificación da subvención

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3288452760274131527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO DO 2-12-2020

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dirixido á Sección de Deportes a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (imprescindible relación de gastos e ingresos), así **como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acreedor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento**. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento do Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro. Presentarase ademáis declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- a) Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- b) Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
- c) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.
- d) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
- e) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario

que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo disponible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de 2.500,00 euros unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectúe nos termos establecidos na memoria presentada.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base impoñible.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **15 de xaneiro de 2021** e deberá presentar, ademáis da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou extranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. Non caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10 % restante é de obrigada asunción pola entidade, e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3288452760274131527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO DO 2-12-2020

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe justificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 90% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os beneficiarios deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademáis do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria.

SETIMA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2020.

OITAVA.-Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

NOVENA.- Comisión do seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo polo Concelleiro Delegado da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMA.-Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO PRIMEIRA.-Control financeiro da subvención

Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

DÉCIMO SEGUNDA.-Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concelo de Lugo e no Regulamento de Control Interno do Sector Público de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpor recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

É todo canto procede informar, e en proba do aquí manifestado, os comparecentes asínano no lugar e data indicados e por duplicado exemplar.

CONCELLO DE LUGO

D. Miguel Fernández Méndez

CLUB FLUVIAL DE LUGO

D. Modesto Teijeiro Valledor"

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac3288452760274131527.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO DO 2-12-2020

SEGUNDO.- A autorización e disposición do gasto por importe de **20.000 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do orzamento municipal correspondente ao exercizo 2020.